

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 18 DE AGOSTO DE 2007

Sres. asistentes:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

SRES. CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVO SUAREZ (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)

SRA. SECRETARIA MUNICIPAL ACCIDENTAL.-

MARTA ROCA NAVEIRA

No Local habilitado para Salón de Plenos no Local Social da Rúa de Miño ás doce horas e cinco minutos do día 18 de agosto de 2007, reúnen os Sres. concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (09 – 07 - 2007).-

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do Pleno correspondente ao día 9 xullo de 2007, o Sr. Alcalde pregunta si algún concelleiro quere facer algunha observación antes da súa aprobación e toma a palabra Dna. Enma González Álvarez, portavoz do grupo PSOE, que pide que de aquí en adiante nas convocatorias dos plenos e no punto relativo á aprobación da acta da sesión anterior, figure a data da sesión que se aproba a fin de que non exista ningunha dúbida ó respecto da acta da sesión que se vai a aprobar.

Feita esta observación a acta queda aprobada por unanimidade.

2. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA (DA Nº 395 DE 17/04/2007 A 935 DO 14/08/2007).-

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Corporaciones Locales, de 28 de novembro de 1986, a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno das resolucións adoptadas que son as comprendidas entre os números 395, de 17 de abril á 935, de 14 de agosto de 2007 e o Pleno, por unanimidade, acorda quedar enterado das mencionadas resolucións.

Dna. Enma González Álvarez, portavoz do PSOE toma a palabra e pregunta se o Concello ten unha relación de todas e cadaunha das resolucións dictadas pola Alcaldía.

O Sr. Alcalde contesta dicindo que non existe tal relación e que ademais non resulta obrigatorio a tenencia da mesma.

3. ADOPCION DOS ACORDOS RELATIVOS A CREACION DA NOVA ASOCIACION NA COMARCA DE BETANZOS.-

Pola Secretaría municipal, dáse lectura do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, no que se establece;

“Visto o escrito remitido pola Fundación Comarcal de Betanzos en relación á creación da nova Asociación como Grupo de Acción Local.

Esta Alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Acordar que o Concello de Miño, con C.I.F. P1504900J, con domicilio social na Rúa Mercado nº 16, e nacionalidade española, constitúa e forma parte dunha asociación que se vai crear na Comarca de Betanzos co obxecto xeral de promover o desenvolvemento dese territorio.

2º.- En relación ó mesmo asunto, acordar tamén outorgar a conformidade ó borrador de estatutos da futura asociación, que forman parte deste acordo como anexo e que serán aprobados no acto constitutivo da dita asociación.

3º.- Así mesmo, designar como representante no acto constitutivo da nova asociación a Don Juan A. Maceiras Barros, con D.N.I 32.610.972 -P, Alcalde – Presidente do Concello de Miño. E como representante permanente na futura asociación designar á mesma persoa, Don Juan A. Maceiras Barros, con D.N.I 32.610.972 -P, Alcalde – Presidente do Concello de Miño.

4º.- Ademais adoptar o compromiso de que as achegas económicas pendentes de pago, unha vez constituída a asociación, e correspondentes ó programa AGADER, se abonen ó novo GAL de acordo co seguinte plan financeiro.

	Ano 2007	Ano 2008
APORTACIÓN LOCAL Ó PROGRAMA AGADER (POR CONCELLO)	12.539,39	22.873,27

5º.- Acordar que as funcións de R.A.F. se sigan exercendo nos mesmo termos recollidos no convenio asinado entre a Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos e o Concello de Miño con data de 6 de marzo de 2006, unha vez que o novo GAL se subroga na posición xurídica da Fundación Comarcal en relación co Programa AGADER, e todo elo sen prexuízo da necesaria conformidade da Dona Marta Roca Naveira interventora deste concello.”

No pleno de data de 18 de agosto de 2007, ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a súa voceira dona Emma González expón que o seu grupo vai a votar a favor da proposta pero solicita que se facilite toda a información relativa ás partidas económicas afectadas por este acordo así como dos beneficios económicos que obtivo o concello dende que forma parte deste grupo de acción local tal e como xa se advertira na comisión informativa na que se debatera este asunto.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que en esencia a adopción deste acordo supón exactamente o mesmo para o concello e que non variaron para nada os compromisos orzamentarios xa adquiridos con anterioridade. Ademais, a alteración da personalidade xurídica do grupo de acción local ven motivado polo feito de que por parte da Consellería se recomendou a creación deste novo grupo de acción local como requisito necesario para poder acceder a novos fondos comunitarios. Continúa dicindo que coa adopción deste acordo non varían para nada os compromisos orzamentarios pois son os que quedan reflectidos na proposta que agora se somete a votación.

Dna. Enma González volve reiterara que xa na comisión informativa o seu grupo pideu información sobre como se ían a repartir os gastos derivados deste acordo.

Sometida a proposta de acordo a votación, o Pleno por unanimidade acorda a aprobación deste punto.

4.-ADHESION A RED+ BIODIVERSIDAD 2010.-

Pola Secretaria municipal, dáse lectura do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, no que se establece:

“Dáse conta e infórmase da proposta da Alcaldía ao pleno municipal de data 23/07/07, que consta no expte. da súa razón e que aquí se expresa resumida, coa finalidade de que debido aos problemas que se están a sufrir no planeta e a perda da biodiversidade con todas as súas consecuencias, este concello sensibilizado no tema e consciente da problemática ambiental existente e visto que este termo municipal abrangue parte do espacio Betanzos-Mandeo que pertence á REDE NATURA 2000, propón que se adopte o acordo no que conste a adhesión á RED+BIODIVERSIDAD 2010, a aceptación de todos e cada un dos puntos da “Declaración Cuenta atrás 2010, facultando ao sr. Alcalde para a sinatura, en representación da Corporación, da “Declaración Cuenta atrás 2010”, así como para calquera outro trámite necesario en relación á adhesión á RED+BIODIVERSIDAD 2010”, así como nomear como representante político a dona María Eva Vilariño González e a dona Natividad Gilsanz Mosquera como representante técnico para asistencia a reunións e grupos de traballo; consignar nos correspondentes orzamentos municipais a cota anual e remitir o presente acordo e a documentación requirida aos efectos da adhesión á “RED+BIODIVERSIDAD 2010”

Queda dictaminada favorablemente, por unanimidade. “

Sometida a proposta de acordo a votación, previamente dictaminada pola comisión informativa, o Pleno por unanimidade acorda a súa aprobación.

5.-APROBACION DA CONTA XERAL DO E XERCICIO 2006.-

Pola Secretaria municipal, dáse lectura da proposta da Alcaldía na que se establece:

“O presente expediente ten por obxecto a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2006 do Concello de Miño.

Cumprimentado o trámite legal de exposición ó público de dita Conta Xeral previsto no art. 212 do TRLRFL, aprobado por RDL2/2004, de 5 de marzo e non habéndose presentado ningunha reclamación, procede elevar ó Pleno, co dictame favorable da Comisión Informativa de Contas e Facenda a seguinte proposta de acordo:

1º Aprobar a Conta Xeral do Concello de Miño correspondente ó exercicio 2006 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.”

No pleno de data 18 de agosto de 2007, ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a súa voceira, Dna. Enma González, manifesta que o seu grupo vai a votar en contra porque non tivo tempo para poder analizar tódalas partidas económicas, ademais non compartimos algún das inversións que figuran na citada conta. De feito, o noso grupo pideu copia da liquidación e pola Alcaldía contestóusenos por escrito que se cobraría 120 €.

O Sr. Alcalde, contesta dicindo que o PSOE ten que pagar as taxas como calquera outro cidadán.

Sometida a proposta de acordo a votación no pleno municipal, obtense o seguinte resultado: 7 votos a favor do PP, 5 votos en contra do PSOE, TEGA e BNG e 1 abstención de ASI-MIÑO.

Queda aprobada a proposta de acordo relativa á aprobación da conta xeral do exercicio 2006, por maioría absoluta.

6.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/2007.-

Pola Secretaria municipal, dáse lectura do dictame da comisión informativa de contas e facenda no que se establece:

“Pola secretaria municipal dáse conta da seguinte proposta de Alcaldía:
Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 2/2007, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte:

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Dictaminar **favorablemente** o expediente nº 02/2007 de Créditos extraordinarios por un importe global de 20.710,00 € financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, conforme ó seguinte detalle:

Partidas que se crean mediante o crédito extraordinario:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
2007/432/227.1 4	Urbanismo e arquitectura. Traballos realizados por outras empresas. Outros contratos	10.000,00 €
2007/432/209.0 0	Urbanismo e arquitectura. Aluguer. Outro inmovilizado material	10.000,00 €
2007/751/626.0 0	Turismo. Inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos. Equipos para procesos de información	710,00 €
	TOTAL	20.710,00

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

No pleno de data 18 de agosto de 2007, ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a súa voceira, Dona Emma González, manifesta que o seu grupo vai absterse pois aínda cando o importe asignado á partida destinado á compra do pc coincide cos prezos do mercado, sen embargo no relativo á dotación do crédito das outras dúas partidas descoñécese cal foi a cantidade asignada nos orzamentos anteriores para esta finalidade polo que o PSOE decide absterse no dictame deste punto.

Sometida a proposta de alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 6 votos a favor do PP, e ASI – MIÑO; 4 abstencións do PSOE e TEGA.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de alcaldía relativa ó expediente de crédito extraordinario 2/2007, por maioría absoluta.”

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a súa voceira Dna. Enma González, expón que o seu grupo vai a votar en contra porque..., o Sr. Alcalde neste punto interrompe a exposición de Dna Enma González e recórdalle que neste momento estase a votar o dictame da comisión informativa na que se tratou este asunto e na que o seu grupo xa se manifestou ó respecto.

Dna. Enma González contesta dicindo que os dictames non son vinculantes e que segundo o ROF calquera asunto incluído na orde do día pode debaterse e razoarse no seno do Pleno sen que o dictame da comisión informativa poida substituír este debate.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que no Pleno ten que votarse o dictame da comisión informativa a favor ou en contra.

Sometida a proposta de acordo a votación no pleno municipal, obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP e ASI-MIÑO, 3 votos en contra do PSOE e 2 abstencións de TEGA e BNG.

Queda aprobada a proposta relativa á aprobación do expediente de crédito extraordinario 02/2007 por maioría absoluta.

7.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 5/2007.-

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda, no que se establece:

“ Pola secretaria municipal dáse conta da seguinte proposta de Alcaldía:

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1º. Aproba-lo expediente nº 05/2007 de Suplemento de Créditos por un importe global de 103.470,96 € conforme ó seguinte detalle:

PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE
313/227.06	Acción social. Traballos realizados por outras empresas. Outros	10.000,00 €
451/226.07	Promoción e difusión da cultura. Festexos populares	53.470,96 €
442/227.09	Recollida de lixo e limpeza viaria. Traballos realizados por outras empresas. Outros.	12.000,00 €
611/227.08	Administración financeira. Servizos de recadación a favor da entidade.	28.000,00 €
TOTAL		103.470,96

2º.- Financia-lo expediente nº 05/2007 de suplementos de créditos con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 103.470,96 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Polo PSOE, a súa voceira, Dona Emma González, manifesta que no relativo o incremento da partida 451/226.07 descoñécese cal vai a ser finalidade destes gastos.

Por parte do PP, o concelleiro D. Jesús Veiga Sabín coméntalle que o incremento desta

partida vai destinado fundamentalmente a sufragar os maiores gastos da programación do verán 2007.

Sometida a proposta de alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 9 votos a favor do PP, PSOE e ASI – MIÑO; 1 abstencións de TEGA.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de alcaldía relativa ó expediente do suplemento de crédito 5/2007, por maioría absoluta.”

No pleno de data 18 de agosto de 2007, ábrese a rolda de intervencións:

Polo PSOE, a súa voceira, Dna. Enma González, expón que ó igual que no apartado anterior o seu grupo vai a votar en contra e que quere que se traslade a este punto a protesta que o seu grupo fixo en relación co debate que se produciu con anterioridade no relativo ó expediente de crédito extraordinario 02/2007.

O Sr. Alcalde contesta dicindo que así se recollerá na acta.

Sometida a proposta de acordo a votación no pleno municipal, obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP e ASI-MIÑO, 3 votos en contra do PSOE e 2 abstencións de TEGA e BNG.

Queda aprobada a proposta relativa á aprobación do expediente de suplemento de crédito 05/2007 por maioría absoluta.

7. MOCIÓNS.-

7.1. Moción do grupo municipal PSOE sobre o expediente relativo á construción dunha piscina climatizada no concello..

Dna. Enma González expón que as mocións van a ser presentadas polo concelleiro D. Juan Manuel Beceiro.

O concelleiro do Grupo PSOE Don Juan Manuel Beceiro somete á consideración del Pleno o asunto de referencia, que non puido ser incluído na orde do día, e que considera necesario resolver por razóns de urxencia. O contido da moción é a seguinte: “O equipo de goberno acaba de adjudicar a construción dunha piscina climatizada, cun presuposto de 3 millóns de euros sen ningún tipo de subvención.

Dáse a circunstancia que vai a ser a primeiro a piscina que financia un concello, ou sexa, que a imos a pagar os veciños de Miño, cando tódalas piscinas que hai en Galicia as financian as Deputacións Provinciais ou a Consellería.

Vaise facer unha piscina sen ningún tipo de estudio de mantemento, e polos estudos dos concellos que dispoñen de piscina, cremos que pode ser unha hipoteca difícil de soportar para un concello coma o noso.

O Grupo do PSDG-PSOE defende que o sensato sería facer un estudio de necesidades e que co gasto que pensa realiza-lo PP na construción da piscina, cubra as polideportivas das parroquias e dote de instalacións deportivas as que faltan.

Os socialistas de Miño cren un alarde de prepotencia, sobre todo cando se xoga cos cartos dos demais, construír unha piscina que costa 3 millóns de euros cando haii menos dun mes acabase de adjudicar a construción dunha piscina climatizadas que paga a Deputación Provincial para os concellos de Ares e Mugaros, cun orzamento de 1 millón trescentos mil euros, e o máis importante é que os veciños non teñen que pagar nada.

Nos propoñemos que se paralice esta obra, e que se fagan as xestións cos Concellos de Vilarmador e Paderne para conseguir unha piscina climatizadas que lle supoña coste cero aos veciños e se que sexa pagado pola Deputación.”

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo vai a votar en contra da urxencia de tódalas mocións que se presenten porque son asuntos o suficientemente importantes polo que pide que polos grupos políticos municipais se presenten coa suficiente antelación ás convocatorias dos plenos ordinarios a relación das mocións co fin de ser incluídas na orde do día.

Sometida a votación da urxencia do asunto e a necesidade de pronunciarse sobre o fondo do mesmo, obtense o seguinte resultado: 8 votos en contra do PP e ASI-MIÑO e 5 votos a favor de PSOE, TEGA e BNG. Queda denegada por maioría absoluta a improcedencia do debate da moción.

7.2. Moción do grupo municipal PSOE sobre a instalación dun punto de información dixital.

O Sr. Juan Manuel Beceiro somete a consideración do Pleno o asunto de referencia e que non puido ser incluído na orde do día, e que considera necesario resolver por razóns de urxencia. O contido da moción é a seguinte: Polo Grupo municipal PSOE maniféstase a necesidade de que polo grupo de goberno se presente unha solicitude á Consellería de Traballo para que pola mesma se fagan os trámites necesarios para a instalación no noso concello dun punto de información dixital que permita que tódolos veciños teñan acceso e información sobre os postos de traballo, actualización das cartillas do paro, etc o que redundaría nunha maior comodidade para a veciñanza.

Sometida a votación da urxencia do asunto e a necesidade de pronunciarse sobre o fondo do mesmo, obtense o seguinte resultado: 8 votos en contra do PP e ASI-MIÑO e 5 votos a favor de PSOE, TEGA e BNG. Queda denegada por maioría absoluta a improcedencia do debate da moción.

7.3 Moción do grupo municipal PSOE sobre o expediente para a adxudicación dunha licenza de autotaxi.

O Sra. Emma González expón a moción nos seguintes termos: O concello de Miño iniciou un expediente para a adxudicación dunha licenza de autotaxi no concello. Por parte do concello, comentouse a este grupo político da imposibilidade de proceder á transmisibilidade da licenza obxeto do expediente citado. Non obstante, hai un real decreto que permite a transmisibilidade das licencias en determinados supostos. Por parte deste grupo político solicítase que se nos de información sobre cales son os supostos nos que se permite a transmisibilidade das licencias dacordo o art. 14 do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo .

Continúa dicindo que *“Por su parte, el art. 13 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, en su párrafo 1.e permite la transmisión de las licencias relativas a las condiciones de una obra, instalación o servicio, con la única obligación de la posta en conocimiento de la corporación, en tanto que el inciso segundo del precitado artículo, en el supuesto de licencias concernientes a las cualidades del sujeto o al ejercicio de las actividades sobre bienes de dominio público, ya condicionada la transmisión a lo que se prevea reglamentariamente, o, en su defecto, al otorgarlas, y aún, de modo riguroso, el párrafo 3º establece la transmisibilidad de las licencias cuando el número de las otorgadas fuera limitado, circunstancia que se da, de modo evidente, en las licencias de auto-taxi y también en las denominadas de “parada en garaje” y, en esta línea, el art. 18 del Reglamento Nacional de Transportes Urbanos de Servicios en Automóviles Ligeros, en su párrafo 1º señala la intransmisibilidad de las licencias excepto en los casos de fallecimiento del titular en que podrá operarse la sucesión a favor del cónyuge viudo o heredero forzoso, y del conductor de su propio coche de servicio público que se imposibilitara para tal servicio por enfermedad, accidente u otra causa de fuerza mayor, sancionado en el párrafo 3º del citado art. 18 (STS de 1 y 24-3-1983).”*

Por todo o cal, o Grupo PSDG-PSOE solicita información sobre os supostos en que se permite a transmisibilidade das licencias de auto-taxi.

O Sr. Alcalde contesta dicindo que así se fará.

Sometida a votación da urxencia do asunto e a necesidade de pronunciarse sobre o fondo do mesmo, obtense o seguinte resultado: 8 votos en contra do PP e ASI-MIÑO e 5 votos a favor de PSOE, TEGA e BNG. Queda denegada por maioría absoluta a improcedencia do debate.

7.4 Moción do Grupo municipal BNG sobre a necesidade de que polo concello se fagan os trámites necesarios para matricular a zodiac do concello.

O concelleiro do Grupo BNG Dona Rosa Maseda González somete á consideración do Pleno o asunto de referencia, que non puido ser incluído na orde do día, e que considera necesario resolver por razóns de urxencia. O contido da moción é a seguinte: A carencia de documentación a bordo de calquera embarcación vulnera o establecido na Orde de 18 de xaneiro de 2000, pola que se aproba o Regulamento sobre despacho de Buques, o que está tipificado como infracción graves no artigo 115.3. C da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante. Dende hai anos se ven observando que a embarcación, modelo zodiac que o concello posúe para o desprazamento dos socorristas e lles serve de embarcación auxiliar carece de matrícula (folio); este feito é constitutivo de delicto coas conseguíntes responsabilidades ao Goberno municipal por ser propiedade do concello. Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno a aprobación da seguinte moción: Que con carácter de urxencia se fagan os trámites necesarios para matricular a embarcación na correspondente 8º lista usada polos organismos administrativos.

Sometida a votación da urxencia do asunto e a necesidade de pronunciarse sobre o fondo do mesmo, obtense o seguinte resultado: 7 votos en contra do PP e 6 votos a favor de PSOE, TEGA, ASI-MIÑO e BNG. Queda denegada por maioría absoluta a improcedencia do debate da moción.

9. Rogos.-

Polo grupo municipal, o concelleiro D. Juan Manuel Beceira expón que na R/ Granada estanse a construír dous edificios. Gustaríanos que eses edificios se constrúen separados do muro da casa, en definitiva que a separación fora de 6 metros e non de 3 como ten agora.

O Sr. Alcalde contesta dicindo que esa cuestión está respostada no informe do arquitecto municipal.

Polo grupo municipal, o concelleiro D. Juan Manuel Beceira, presenta o seguinte rogo: "Vostede ten unha responsabilidade de ser transparente na súa xestión e facilitarnos unha información que faga posible que os grupos da oposición poidan exercer-lo control do goberno, en tódolos asuntos, tamén no urbanismo, e non usurparlle a este pleno a posibilidade de debate nos temas importantes, e non entreternos con asuntos con asuntos de pouca relevancia, e que non poden agardar para outros momentos.

Para nós non ten sentido que un venres se nos convoque a unha comisión de contas para fixa-los prezos dos mandilóns da feira da cebola, e de fixa-lo prezo das actividades dos maiores (pois cremos que non é moi urxente) e catro días despois volvernos a convocar para unha ampliación de presuposto polas actividades que se fan no verán. O grupo PSDG-PSOE pensa que o mellor para a economía municipal sería que se xuntasen os asuntos a tratar e se celebrase unha comisión."

O Sr. Alcalde contesta dicindo que o terá en consideración.

Polo grupo municipal PSOE, o seu concelleiro D. Juan Manuel Beceira, expónse a situación que se está a producir este verán cos vehículos que proceden das praias sobre todo os fines de semana. Rogaríalle ó Sr. Alcalde que na zona da igrexa en Loyos se puxese un sinal de prohibido o paso agás residentes e que se pinte o sinal de prohibido estacionar.

O Sr. Alcalde contesta dicindo que esa cuestión xa foi presentada verbalmente por ese grupo ante o equipo de goberno e que se está estudiando.

Polo grupo municipal PSOE, o seu concelleiro D. Juan Manuel Beceira, expón que o 12 de abril o concello presentou na Delegación provincial de traballo unha proposta de creación de tres obradoiros de emprego de carpintería, albanería e cantería, cun

orçamento de 712.952 euros para rehabilitar a Rectoral de Callobre. A delegación solicitoulle unha documentación que faltaba no expediente: cesión ou propiedade da rectoral, acordo do pleno, os obxectivos da inserción laboral. Gustaríanos saber que pasou con esa solicitude e por qué non se enviou a documentación que pediron dende a delegación para conceder estes cursos. Continúa preguntando se o Sr. Alcalde ten pensado solicitar outros cursos de formación e que tipo de cursos.
O Sr. Alcalde contesta dicindo que se lle contestará por escrito.

10. Preguntas

10.1. Preguntas que formula o concelleiro do Grupo municipal TEGA Don José María Laya Carril.

O Sr. José María Laya Carril pregunta á Alcaldía o seguinte : ¿Quén realiza as inspeccións urbanísticas en Miño? A pregunta ten relación co feito de que se permita a construción dun muro de formigón deixando unha beirarrúa pola que a duras penas pode pasar un cocheciño de bebé na R/Galea. Un edificio está ocupando o solo dun vial público na Barrosa, ¿o concello ten algún informe ó respecto?

Neste momento queda interrompido o debate porque o Sr. Alcalde manda desaloxar a sala a un membro do público ante o balbordo que ocasiona.

O Sr. Alcalde continúa a sesión e responde que se lle contestará por escrito.

O Sr. José María Laya Carril pregunta á Alcaldía o seguinte: Os camiños que cortou o campo de golf, ¿Cándo e quen os vai a repoñer? ¿Por onde vai o camiño inglés? ¿Quén se responsabiliza do mantemento das zonas verdes do campo de golf? ¿Non hai una asociación de propietarios que se encargue do seu mantemento polo menos durante cinco anos?

O Sr. Alcalde respóstalle dicindo que se lle contestará por escrito.

O Sr. José María Laya Carril pregunta ó Sr. Alcalde o seguinte: O local de 140 m² de planta baixa con acceso independentes dende a vía pública e situado na zona sur do ámbito do APOD-10, ¿cómo foi recibido se non ten a superficie pactada no convenio urbanístico? ¿Quen valorou os m² que faltan ata os 140 m²?

O Sr. Alcalde resposta dicindo que se lle contestará por escrito.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por finalizada a sesión sendo as doce horas e corenta minutos, de todo o cal como Secretaria dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria acctal.